

CENTRO DE INVESTIGACIÓNs TECNOLÓXICAS



Situación: CIT. Campus Esteiro
15403 FERROL (A Coruña)
Teléfono: 981 337 400, ext.; 3401
Fax: 981337416
http://siain.udc.es/cit/
cit@cdf.udc.es



O Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) da Universidade da Coruña (UDC) nace no ano 2000 (aínda que non está operativo ata o 2002) e está situado no campus de Ferrol (Esteiro) dependendo organicamente do Vicerreitorado de Ferrol e Relación Universidade-Empresa. O edificio do CIT foi construído co cofinanciamento dos fondos FEDER da Unión Europea e a dotación en equipamento dos laboratorios foi financiada pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e cofinanciada pola Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía (CICYT) e polos fondos FEDER da Unión Europea.

No seu inicio o CIT é unha entidade con personalidade xurídica propia e con ánimo de lucro con fondos 100% públicos, non obstante está prevista a súa transformación en entidade sen ánimo de lucro.

O CIT nace coa idea de ser un centro onde se acollen distintos grupos de investigación, co fin de desenvolver e impulsar os seus propios proxectos de investigación. Lonxe de ser un centro que presta o seus servizos á comunidade universitaria, a vocación do CIT é a de ser un espazo de traballo para os diferentes grupos de investigación que alí realizan a súa actividade, coa idea de colaborar co contorno industrial e, así mesmo, aspirar o seu propio financiamento.

Recursos humanos

O persoal do CIT está formado por un equipo dunhas 72 persoas 100% universitarias, no que existe un coordinador e un secretario e o resto do persoal son técnicos de cada un dos laboratorios do que consta o centro.

Organización / Áreas de traballo

A organización do centro ten tres niveis de decisión, a Dirección, a coordinación operativa e a Comisión de usuarios aínda que nun futuro vaise modificar a estrutura polo proxecto de creación dun Parque Tecnolóxico dentro da Universidade da Coruña no que se integrará o centro, tanto a nivel de actividades como de órganos de goberno e xestión. O centro dedícase ao apoio ao sector industrial e universitario nas áreas ou competencias propias dos seus laboratorios.

Instalacións / Equipamento

O CIT conta con 5 laboratorios e outras instalacións situadas no campus de Ferrol da Universidade da Coruña nos que se pode atopar unha ampla variedade de equipamento:

- Lab. mecánica de fluídos: Túnel Aerodinámico deseñado especificamente para a calibración de anemómetros, un túnel aerodinámico de grandes dimensións para ensaios de hidromecánica, enxeñaría civil e enxeñaría mecánica e dispón tamén de avanzados equipos de medida, velocidade, presión, temperatura, humidade e sistemas de adquisición automatizados entre outros.

- Lab. aplicacións industriais do láser: creado para a promoción dos diferentes procesos de fabricación onde intervéñ o láser e adicando los láseres de potencia, principalmente aos tratamentos térmicos superficiais, e os láseres pulseados, en temas referentes á Espectroscopia de Plasmas Inducidos por Láser e ao micromecanizado.



- Lab. plásticos (LabPlast): Conta coa experiencia dos compoñentes do Grupo de Polímeros da UDC e coa infraestrutura dispoñible no Laboratorio de Polímeros da Escola Universitaria Politécnica de Ferrol (calorímetro diferencial de varrido modulado, analizador dinamomecánico, analizador termogravimétrico, máquina de ensaios universal, péndulo de impacto instrumentado, durómetro, microscopia óptica, e analizador microtérmico).
- Lab. química: Laboratorio especialmente adicado a análise e estudo de formulacións de polímeros, estudos de migración e envases activos, conta con diferentes sistemas de análise modulares que permiten unha ampla gama de posibilidades analíticas, cromatógrafos de líquidos con diferentes detectores, electroforese capilar, espectrofotometría, etc....
- Lab. Combustibles: Este laboratorio ten dentro das súas liñas de actuación e investigación, a caracterización e estudo de propiedades e control da calidade dos distintos tipos de lubricantes e combustibles (gasolinas, gasóleos, biocarburantes, gases licuados de petróleo e gas natural) prestando os seus servizos o sector industrial. Conta cun equipamento completo (cromatógrafos de gases, destiladores, calorímetros, POF, etc....).

Servizos

- Investigación e desenvolvemento : desenvolvemento tecnolóxico, investigación aplicada e deseño e fabricación de prototipos.
- Asesoramento e consultoría tecnolóxica : Diagnósticos científicos, tecnolóxicos e auditorías, Estratexia tecnolóxica e xestión da innovación, Servizos de información e consulta tecnolóxica, Comercialización da carteira tecnolóxica, Lexislación.
- Servizos técnicos: ensaio e análise, control de calidade dos produtos.

Proxectos destacados

Máis de 100 proxectos realizados durante os últimos tres anos, incluíndo proxectos de investigación fundamental, fundamental orientada ou proxectos claramente industriais. Subvencionados por empresas ou por as diferentes administracións, autonómica, central, ...

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

- Asociación de Investigación Metalúrgica del Noroeste (AIMEN).
- Centro Catalán del Plástico (CCP). Tarrasa.
- Centro de Innovación y Servicios del Diseño y la Tecnología (CIS). Ferrol.
- Departamento de Ciencia y Tecnología de Polímeros, Universidad del País Vasco. San Sebastián.
- Dept. de Física e Ingeniería de Polímeros, Instituto de Ciencia y Tecnología de Polímeros (ICTP-CSIC). Madrid.
- Grupo de Fluidos Complejos, Instituto de Física, Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM). México.
- Instituto de Ciencias de la Salud (ICS). A Coruña.
- Instituto de Investigaciones en Ciencia y Tecnología de Materiales (INTEMA), Universidad de Mar del Plata (UNMdP-CONICET). Mar del Plata.
- Instituto de Materiales Poliméricos (POLYMAT). San Sebastian.
- Instituto Tecnológico del Juguete (AIJU). Ibi.

Acreditacións e certificacións

Certificación ISO 9001:2000